

TODA A VECIÑANZA TEN QUE CUMPLIR AS NORMAS? DEPENDEN!!!



O pasado 6 de xuño de 2016 depositáronse os restos do dragado do río Maceiras na finca dun particular a carón do mesmo río, na rúa Rabadeira. Alertados polo propietario lindeiro con esta finca, que nos comunica que á parte destes vertidos, anteriormente depositáronse restos de obra, posiblemente das obras do AVE, procedemos a poñer en coñecemento do Concello esta situación.

A resposta do Concello é que xa se retiraron estes restos.

Resposta que falta á verdade, porque só se retiraron os residuos procedentes do dragado do Maceiras, permanecendo os restos de obra no mesmo lugar achantados por unha escavadora.

Alertados unha vez máis pola veciñanza de que **se estaban a producir novos vertidos de terra e refugallos de obra neste terreo**, acercámonos ao lugar e comprobamos que a finca gañara en altura, nalgunhas zonas, polo menos 1 metro. Solicitamos por rexistro o 13 de xaneiro do 2017 os permisos do propietario para facer este recheo, e preguntábase que medidas se estaban a tomar dende o Concello para evitar esta ilegalidade en caso de non telos.

A veciñanza afectada decide poñer unha denuncia urbanística o 6 de febreiro. O día 8 do mesmo mes, camións e maquinaria pesada traballan na finca achantando as terras e entullos. Alertada pola veciñanza, acode a Policía Local ao lugar.

Ao día seguinte metemos rexistro solicitando o informe feito pola Policía Local e o informe do departamento de Urbanismo sobre estas actuacións que o Concello coñece dende xuño de 2016.

O informe da Policía Local, entre outras cousas, di :

"[...]Que noutro extremo desta propiedade, onde se apreciaban movementos de terra recentes, atopábase un operario con maquinaria pesada da empresa _____, realizando ditos traballos cunha retroescavadora [...]"

*"[...] **NON presentando en ningún momento o pertinente permiso ou autorización de obra [...]"***

Ante a falta de resposta por parte do Concello ante esta situación, aconsellamos aos denunciante que presenten denuncia en Augas de Galicia.

O venres 24 de febreiro acode un inspector de Augas de Galicia ao lugar. Un membro de AER acode ao mesmo a petición dos afectados, xa que o seu escrito baseouse nas demandas plantexadas por eles mesmos e AER no Concello. O inspector, á pregunta de AER sobre se o Concello, coñecida esta situación, tiña que notificarlle estes feitos a Augas de Galiza, responde que si, que é a súa obriga. **Obriga que o Concello omitiu. Tamén constata o inspector que a finca gañou a altura de polo menos 1 metro.**

Casualmente ese mesmo día dan acceso aos representantes de AER a este expediente, onde se atopa o informe da Policía Local e do vixiante de obras do Concello.

A nosa sorpresa, por non dicir indignación, ao ver o informe do vixiante foi maiúscula; di así:

“ O día 20.02.2016 presenteime no lugar de referencia para realizar a visita de inspección, onde puiden constatar que no dito lugar xa non se atopan as recentes verteduras obxecto da denuncia.”

Dito informe omite de falar das licenzas correspondentes e do feito denunciado do recheo desta finca.

Despois de 8 meses e vistas as resolucións tomadas polo Concello neste caso temos a obriga de preguntarnos:

Terá algo que ver que o propietario da finca denunciada sexa familia en primeiro grado dun coñecido membro do PP de Redondela actualmente deputado autonómico?

Esperamos que Augas de Galiza e a policía autonómica, onde tamén esta denunciado o caso, tomen as medidas oportunas.

Redondela, a 1 de marzo de 2017

Para máis información,

Agrupación de Electores de Redondela (AER)
Domicilio: **Rúa Pai Crespo 15-Baixo, 36800 – Redondela.**
Tlfo: **647126712 - 886139336**
mail: **info@aeredondela.com**